

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 34- Outubro 2023

Publicación gratuíta
Colle unha!

BLOODHUNTER

LÓSTREGOS

TÁLES IEN

MANO DE PIEDRA

EXERIA

DIOIVO

MALDITOS PENDEJOS

DIOS KE TE CREW

BRUTAL



Ghallaecia Metal Fest, 2ª edición

O Gallaecia Metalfest celebra en novembro en Mos a súa segunda edición

Imaxe do Gallaecia Metalfest



Continuando co seu obxectivo de unir as escenas metaleiras de Galicia e do norte de Portugal, o Gallaecia Metalfest chegará o vindeiro día 25 de novembro, sábado, á súa segunda edición. Esta, ao igual que a primeira, terá lugar na Sala Rebullón de Mos, xestionada pola comunidade de montes da parroquia de Tameiga e que fai parte do Centro Social, Cultural e Deportivo As Pedriñas. O festival, organizado polo programa radiofónico portugués SOS Heavy Metal Radio Show e o seu homólogo galego Galiza Metálica, consolídase así como unha das grandes citas do xénero que se celebran cada ano no país.

Unha vez máis, o evento contará con catro bandas galegas e tres bandas do norte de Portugal. A representación galega estará formada este ano pola banda coruñesa de death metal melódico Bloodhunter, a banda viguesa de stoner metal Mano de Piedra, a banda coruñesa de black metal Lóstregos, e a banda larachesa de power metal progresivo Tálesien. Por outra banda, a delegación portuguesa que chegará a Mos estará conformada por Moonshade, do Porto, e mais Hunted Scriptum e Music in Low Frequencies, de Braga. En definitiva, un percorrido por diferentes estilos e épocas das escenas dos dous países para amosar a súa diversidade e calidade.

As portas da Sala Rebullón abriranse ás 18:30 da tarde. Na billeteira da propia sala poderán adquirirse as entradas para o evento a un prezo de 20€, mentres que en [vivetix.com](https://www.vivetix.com) xa se poden adquirir as anticipadas a un prezo reducido de 15€. Despois dunha primeira edición o

Mano de Piedra



pasado 2022 na que Strikeback, Mi-leth, Pé Roto, Barbarian Prophecies, Capela Mortuaria, Elefantes Muti-lados e The Mighty Mister Shame ateigaron a sala e deleitaron ao pú-blico, a entrega deste ano promete ser igualmente memorable.

SOS Heavy Metal Radio Show e Galiza Metálica levan dende os úl-timos tempos colaborando estreit-amente na súa difusión da música metal e rock galega, portuguesa e internacional. O primeiro programa, o portugués, naceu xa no ano 1986, en plena época de apoxeo mundial da música metal, e hoxe en día se emite na radio Antena Minho da súa cidade natal, Braga. Sempre, da man do seu incansable locutor Fi-lipe Marta, que nos últimos anos converteuse ademais no máis des-tacado promotor da escena metal galega dende as ondas portuguesas. De feito, a súa sección “Galicia me-tal» cumpriu 5 anos concretamente o pasado día 19 de outubro.

Pola súa banda, o podcast Ga-liza Metálica naceu a finais do ano 2021 da man de Patty Castro, coñe-cida por ser fundadora do colectivo Mulleres Galegas Kañeras, pola súa participación en diversos proxec-tos musicais e pola súa colabora-ción con outros medios como GZ-Música ou esta mesma revista. O podcast leva xa 44 entregas difun-dindo o metal e o rock da nosa te-rra, dando especial atención ás ban-das formadas por mulleres e con-tando con colaboracións especiais como a de Óscar Besteiro de Bar-barian Prophecies coa súa sección “Cita co underground» ou a da pro-motora compostelá Andrie Stoner-gasm coa súa nova sección “Galleta cósmica». Ademais de estar dispo-ñible en internet, emítese tamén en Antena Minho por cortesía de SOS Heavy Metal Radio Show. Así, este novo Ghallaecia Metalfest é outro paso máis na colaboración entre os dous programas e tamén na colabo-ración entre as dúas escenas, e es-tamos seguros de que a súa traxec-toria non ten feito máis que come-zar.



Exeria anuncia o novo sinxelo “Ata que sexamos reis”



Exeria é unha banda de rock nacida en 2021 na comarca do Condado, con epicentro en Ponteareas. Ao longo deste ano 2023 presentaron o seu primeiro sinxelo “Un novo nome” e deron unha chea de concertos pola metade sur de Galicia, chegando resultar gañadores do concurso de bandas do festival Trece Roeis de Ferreira de Pantón. Agora, o vindeiro venres día 27 de outubro estrearán o seu novo sinxelo, titulado “Ata que sexamos reis” e que virá acompañado dun videoclip dirixido por Nazaret Pastoriza. Un vídeo no que aparecerán as máscaras do Entroido das Perriñas, tradicional da aldea de Ribadetea, recentemente recuperado. Ao igual que con “Un novo nome”, a banda gravou este novo sinxelo nos estudos Lufs de Ponteareas.

A portada do sinxelo está deseñada polo artista Adrián Rodríguez Parcel e, en palabras do grupo, “reflicte perfectamente a temática da canción, que trata sobre os esforzos que os protagonistas fan para acadar as súas metas, sexa en asuntos amorosos, conflitos internos ou escaladas de poder”. Asuntos que o grupo trata “nunha clave case pop rock, con contundentes re-

trousos e partes mais oníricas, ambientais e melódicas”, sinalan. Isto supón un lixeiro cambio no estilo habitual da banda, que eles mesmos definen como “nun punto común entre o grunge, o stoner, o rock dos anos noventa, e incluso o britpop, todo aderezado con letras en galego”. “As raíces son importantes para calquera proxecto, e a sensación de pertenza a un lugar e un tempo concretos determina unha mirada e un xeito de crear”, precisan dende o grupo.

O grupo xa ten anunciadas dúas datas próximas para presentar este novo sinxelo. A primeira delas será na Coruña, na Disfrutona del Orzán, o sábado 28 de outubro ás 22:00 cun prezo de 10€ por entrada. Será xusto ao día seguinte do lanzamento do sinxelo, e estarán acompañados da banda Skirl. A segunda terá lugar xusto despois, o domingo 29 ás 13:30, amenizando a comida en La Gata Manda, en Culleredo. E a terceira será na Fábrica de Chocolate de Vigo, o martes 31 de agosto, como festa de Halloween. O evento comezará ás 21:30 e terá unha entrada de 8€, e xunto a Exeria subirá tamén ao escenario The Lilly Kelly's.

SPRINT MOTOR

A actualidade do motor



Dioivo lanza «Por 100 anos máis», adicada ao Celta de Vigo polo centenario do club

“Por 100 anos máis” é o novo sinxelo do dúo vigués de metal en galego Dioivo, adicado ao Celta de Vigo e ás súas seareiras e seareiros con motivo do seu centenario. O tema xa está dispoñible para a súa escoita en todas as principais plataformas dixitais, e vén acompañado por un videoclip realizado polo colaborador habitual da banda Brais Gómez Salvador. Nel, Dioivo repasa algúns dos fitos máis destacados da traxectoria do equipo celeste ao longo dos seus 100 anos de historia.

“Logo dos verdadeiros temazos que están saíndo para celebrar o centenario do Celta, dende o oficial de C Tangana ata os realizados por amigos como Jairo Daponte ou Xhamain, nós tamén quixemos facer a nosa homenaxe ao equipo da nosa cidade”, sinalan dende o dúo vigués. Dioivo aproveitou a ocasión do cabodano dunha lenda celeste como é Manuel Hermida Losada, “Hermidita”, para lanzar o tema o pasado día 17 de setembro. Un día despois, ademais, do 20 aniversario da estrea do Celta en Champions, fronte ao Brugge en 2003.

O videoclip alterna, por unha banda, imaxes do grupo interpretando o tema con Vigo e a súa ría de fondo, gravadas dende a outra beira, en Liméns; e por outra, diversas fotos históricas do Celta, seguindo o fío da canción. Brais Gómez Salvador, que gravou, editou e dirixiu a peza, xa ten realizado outros vídeos musicais con Dioivo, como son os de “Lobishomes” (2019), “Golpe por Golpe” (2021), “Retorno a Tagen Ata” (2021) ou “Cabeiros” (2023). Todos eles poden verse na canle de Youtube da banda, e “Por 100 anos máis” pode tamén descargarse, totalmente de balde, en Bandcamp.

POR 100 ANOS MÁIS

A fundación do club a partir do Real Fortuna e o Vigo Sporting en 1923, o “Trueno azul” que cantaba Siniestro Total, Hermidita, Pahíño, Gustavo López, Vladimir Gudelj, Aleksandr Mostovoi, o partido contra o Manchester United en Old Trafford, Iago Aspas, a permanencia do 4%... Todos estes anacos da historia do club e moitos máis aparecen referenciados na canción e/ou no videoclip dos vigueses. O audio foi gravado polo músico vigués Dany Soengas, coñecido por facer parte de bandas como Atreides, Lardelúa ou Skydancer. Soengas xa ten traballado co grupo en varias ocasións previas.

Dioivo atópase presentando o seu novo álbum Cara os Ceios Incrementes, lanzado o pasado 9 de xuño pola discográfica independente grega Sleazy Rider Records. Axiña comezarán unha pequena xira estatal para presentar dito álbum, que lles servirá tamén para dar a coñecer este novo sinxelo. Entre as datas xa anunciadas pola banda pódese destacar o festival Back to Napalm en Sarria ou a gran presentación do álbum no pub Transylvania de Vigo, o 23 de decembro xunto a Karracho, Mortal Maze e diversas colaboradoras e colaboradores.

Ademais de Cara os Ceios Incrementes, a banda fundada en 2016 das cinzas do grupo anterior Rust in Peace ten lanzado tamén os traballos Dioivo I (2016), Dioivo II (2019) e Dioivo III (2021), ademais de múltiples sinxelos e demos. Dende os seus comezos, o grupo está formado por Daniel Valladares Otero na batería e Jacobo Mouriño Almeida na guitarra e na voz. Entre a súa discografía destacan as súas diversas adaptacións



de obras da literatura galega; o primeiro tema da banda, de feito, foi “Sempre pola morte esperas”, que musicaliza o poema homónimo de Rosalía de Castro e co que participaron no certame Musicando a Rosalía convocado por Vigosónico en 2016.

Tamén colaboraron con Xosé Luís Méndez Ferrín en “Retorno a

Tagen Ata”, que adapta a célebre novela do autor e na que el mesmo participa narrando diferentes pasaxes da obra. Outras das súas adaptacións literarias son “Hai sede na Nova Galicia”, na que poñen música a Florencio Delgado Gurriarán, ou “Que importa que nos craven as cadeas”, na que fan o propio con Darío Xohán Cabana.



Aniversario do Rock Café de Compostela

Fotos: Rock Café & Inma Fernández

O Rock Café é un dos principais bares rockeiros da cidade de Compostela, ben coñecido pola súa programación de concertos e polas reliquias do rock que decoran as súas paredes. A súa andaina comezou, ou máis ben recomezou, hai 9 anos, cando Laura Rey e o seu pai Juan Manuel Rey "Rock N Rivas" re-abriron o local do xa histórico Rock Café anterior e lle deron unha nova vida. Veñen de celebrar precisamente a súa festa polo noveno aniversario, na que conmemoraron a súa traxectoria cun concerto de Malditos Pendejos que ateigou unha vez máis o bar de seguidores do rock. Con esta ocasión decidimos facer unha entrevista dobre, falando tanto con Juan Manuel como coa traballadora do bar Lara Alonso, coñecida na súa faceta de promotora de concertos como Andrie Stonergasm, para que nos contasen máis sobre a súa experiencia detrás da barra dun bar rockeiro.

Ademais da súa ambientación musical, o Rock Café destaca tamén pola súa decoración moteira, ou por permitir sempre a presenza de mascotas no local, que forman parte por dereito propio da clientela habitual. Tamén por organizar todos os anos, xunto ao club moteiro local Black Birds, unha recollida solidaria de xoguetes para os nenos e nenas máis desfavorecidos. Os xoguetes poden deixarse a cambio dun café, e rematan por amontonarse no bar dando lugar a unha peculiar estampa nos meses finais do outono. De todo isto e máis falamos con Juan Manuel Rey a continuación.

Boas, Juan Manuel! O primeiro polo que quería preguntarche é polos numerosos concertos que programades no bar, tanto acústicos como incluso en formato eléctrico. Que criterios seguides para esco-ller quen toca no local?

Primeiramente, ao ser esta unha cafetería, hai que ter en conta o tema da licencia e que o caché non sexa demasiado alto. A partir de aí, os músicos préstanse moito a tocar no bar, porque a verdade é que o local está espectacular para facer concertos, e a xente que ten tocado aquí queda tan contenta que chaman a máis xente. Xogamos sobre todo con bandas de aquí, de Galicia e de Compostela. Programo un concerto mensual e pido as datas ao Concello.

Falando do tema das licencias, moitas veces a lexislación é particularmente dura coa música ao vivo en bares. Hai uns anos foi un tema especialmente candente en Compostela. Que tal está ese asunto actualmente?

Bueno, a cousa está bastante complicada, sempre o estivo. Para facer un concerto hai que facelo ben, hai que ter xente profesional tocando e non armar demasiado jaleo, porque unha chamada dun veciño pode levar a que veña unha inspección e que pechen o local. En-

tón, procuramos contar sempre con xente moi profesional, xente que veña tocar é que como moi tarde ás 00:00-00:15 remate o concerto. Así, imos levándoo ben. Un concerto ao mes, claro, para non ser demasiado pesados. E como digo, se traes xente profesional, o público tamén demanda máis, así que a cousa vai indo ben. O que facemos é, cada 6 meses, pedir 6 datas, unha cada mes. E en cada unha desas datas metemos un concerto, un acústico, un dúo, un trío... De momento, en 9 anos non tivemos nunca ningún problema, non armamos moito jaleo.

En case un decenio tedes vivido da man da cidade a evolución da súa escena musical. Vedes algún cambio entre como era entón e como é agora? Supoño que dende detrás da barra terás contacto con moitas músicas e músicos.

Compostela é unha cidade de músicos e de grandes artistas. Hai bandas espectaculares. Dende sempre, dende hai 60-50 anos aquí hai moi grandes profesionais. Dependendo do ano e do panorama político varía, hai tiras e afrouxas... Pero si, no bar temos reunións de músicos continuamente. E tamén moita reunión de xente seguidora da música. Cada vez que hai algún concerto preto de aquí veñen tomar

algo, comentan que novos concertos hai... Aquí mesmo teño á venda moitos discos de artistas de por aquí, como os de Marcos, Lou Reyes, de Carlos Arévalo, de Valentín Caamaño tanto co seu formato jazz como co seu formato rock and roll... Cantidade de artistas, temos unha lista moi, moi bonita na cidade.

E que artistas e estilos son os que máis vos gusta poñer no bar?

Polas mañás poño un repertorio entre o soul e o rock and roll clásico dos anos 50 ou 60, ou a veces tamén dos 70 con bandas tipo Smokie ou REO Speedwagon. A partir da tarde poñemos un pouquiño máis de rock and roll e hard rock. E pola noite subimos un pouco máis o ton, con hard rock, con heavy metal... Algo variado.

Collistes o local en 2014, cando se traspasaba o Rock Café anterior. Que diferenzas e similitudes vedes entre ese anterior Rock Café e o voso? A que se debeu esa aposta por manter o local?

Digamos que é un local bandeira. É como se fose o Hard Rock Café de Compostela, só con entrar daste de conta de que non é o típico bar, que está dedicado totalmente á música. Cando o collimos en 2014 estaba bastante afundido, bastante caído, custounos moito á miña filla e a min

levantalo. Como sempre coñecemos xente do mundo do espectáculo e músicos, comezamos promocionalo na radio, en televisión, en prensa. Custou, custou bastante, pero agora xa estamos arriba de novo, é unha bandeira importante e a seguimos levando.

Tedes unha boa colección de posters e decoración diversa relacionada co rock. É do bar anterior, ou tamén a fostes vós acumulando?

Moito é do bar anterior, como os discos de ouro, posters de concertos que se fixeron aquí en Compostela como os míticos dos Rolling Stones ou de Bruce Springsteen, entradas de concertos aos que se foi... Hai tanta decoración que te podes perder aquí. Estatuas de Elvis Presley, dos Blues Brothers, fotografías de Marilyn Monroe, luces de neón... Moitas das cousas xa estaban aquí, o que fixemos foi enchelo moito máis e darlle para arriba, darlle luz.

Hai algunha cousa que teña algún valor en especial para vós? Algunha anécdota en particular?

Uf, demasiadas, iso é cuestión de vir ao bar e xa contamos todo (risas). Hai 50.000. Unha anécdota bonita é a de como conseguimos o disco de ouro da banda sonora da película de 1953 Os caba-

leiros prefirenas loiras (Gentlemen prefer blondes), que o temos aquí no apartado onde temos a Marilyn Monroe. Apareceu aquí nunha tenda destas de segunda man, e un cliente díxonos que "ese cadro debería estar no Rock Café". Automaticamente xa fun para alí, e xa o colguei, aquí está. Hai anécdotas igual que esta de todo o que hai aquí, de cada concerto que está aquí exposto, que foron todos vividos persoalmente. Tamén temos un disco de ouro que encargamos nós a Barcelona para adicarllo ao gran músico Martín Esturao de Mad Martin Trio, que ten tocado aquí. Dímosllo persoalmente e está aquí exposto no bar. Anécdotas, anécdotas do bar dende unha esquina a outra, para perderse.

Ademais de todo o relacionado coa música, tamén tedes o tema das motos, o das mascotas, facedes presentacións de libros... É unha oferta cultural ben completa. Entendo que ese era precisamente o voso obxectivo dende o principio.

Cando abrimos aquí empezabamos dende cero e agora xa somos unha referencia, temos miles de seguidores en redes, temos moito movemento, de rockeiros, de moiteiros... Moito rock and roll, moita moto custom, moita Harley Davidson, moito estilo pin-up... Isto era efectivamente o que pretendíamos facer a miña filla e máis eu, darlle ambiente á zona, inspirados na música e no cinema, especialmente dos anos 70 e 80. Os 80 en particular porque foi unha época de moito color, onde houbo de todo, que lle gusta moito á xente. Cando apareceu a oportunidade do traspaso do Rock Café, pois a aproveitamos. E por suposto, os animalíños son todos moi ben recibidos, xa non agardan na porta, xa pasan eles para dentro incluso aínda que o dono non queira (risas). Unha oferta cultural como ti ben dis, moi ampla. E logo pois tamén temos o da recollida solidaria de xoguetes de todos os anos, que xa imos comezar agora en novembro.



Inma Fdez.

9 anos do Rock Café

Ademais de con Juan Manuel Rey, falamos tamén con Lara Alonso, que, aínda que chegou ao bar máis recentemente, o propio Juan Manuel xa di que é "moi querida no Rock Café, é impresionante, currouno ela". É ben coñecida na escena tamén precisamente pola súa faceta como organizadora de concertos, ámbito no que emprega os nomes de Andrie Stonergasm e Doomawaits. Entre os eventos que ten actualmente programados destaca o concerto de regreso da banda lucense de post metal Kalte Sonne, que tocará o 31 de outubro na Sala Moon, veciña do Rock Café, xunto aos andaluces Red Eyes. O concerto será ás 21:00 e a entrada ten un prezo de 7€ para as 50 primeiras e 11€ ata completar aforo. As entradas están xa á venda, como non, no Rock Café.

Ola, Andrie! Dende detrás da barra do Rock Café seguramente coincididas con moita xente da escena de Compostela e mesmo de fóra dela. Fanse bos contactos musicais?

Moitos contactos de todo tipo, tanto musicais como doutras artes. Sobre todo, aprendo moito daquelas que non coñezo tanto por seren distantes aos estilos que adoito a traballar.

Que tal se combina o traballo no bar co de promotora de concertos?

Ben, axuda moito traballar de cara ao público deste xeito tan distendido. Non estamos a falar dun local sen contacto cos clientes, aquí fálase coa xente. Axuda moito tanto pola posibilidade de promocionar máis activamente os concertos que vou facendo, como polo constante descubrimento de novas bandas que se achegan ou que comparten con nós os propios clientes. A combinación fai que sexa doado coñecer e darse a coñecer. Se me preguntas polos horarios, ao ter sempre o turno de tarde/noite, se me complica asistir aos meus propios eventos, máis atopo sempre a axuda que preciso, non teño moita queixa.

Dende esa posición, como ves o estado da escena galega actualmente?

A escena galega véxoa perfecta, segue a moverse. Galiza sempre foi musical, dende a aldea máis remota até as elites das cidades, mais o problema está na falta de espazos onde desenvolver certas actividades musicais, ou os permisos que se dan para realizalas, nos que inclúo os relativos a tocar na rúa. Hai dez anos e máis, había xente tocando por todos os re-

cunchos, iso sí que era escena.

En Compostela hai unha relativamente ampla oferta de bares de temática rockeira. Están tamén o Gasteiz, o Inferno, o Miúdo, o Cum... Por que cres que ocorre isto? Hai relación entre eles?

Ao contrario, quedamos ben poucos. Habendo máis de mil locais de restauración en toda Compostela, menos de dez bares desta temática parécenme ben poucos. De feito, están case todos na cidade vella, aquí no ensanche somos dous os que facemos a resistencia. Mais penso que sí que temos boa relación entre todos, tanto os da vella coma os do ensanche son hosteleiros de "toda a vida" xa, e neste nicho non somos de facernos competencia, máis ben o contrario.

O Rock Café está xusto ao lado dunha sala de concertos, a Moon, na que moitas veces organizas bolos e tes á venda as entradas no bar. Como é esa convivencia, hai algún tipo de colaboración máis formal?

A convivencia coa sala Moon é tranquila e veciñal, mais non é formal nun sentido colaborativo continuo. Quero dicir, as entradas pódense á venda no Rock Café por dous motivos ben sinxelos: a proximidade e que é o meu lugar de traballo. Así, xestionar a prevenda é máis doado. Así como o fago eu, fano algunhas bandas de rock ou metal que non teñen que ver conmigo, pero os artistas doutros estilos procuran outros espazos que teñan que ver con eles, xa que probablemente nin teñan moita idea da nosa existencia (risas).



El Taller 
de MaruSana
TIENDA TALLER

CURSOS

MANUALIDADES Y RESTAURACIÓN

PINTURA EN TELA

DIBUJO Y PINTURA

PINTURA AL ÓLEO, ACUARELA, ACRÍLICO, PASTEL
DIBUJO A LÁPIZ, CARBONCILLO, LÁPICES
ACUARELABLES, CÓMICS Y MANGA

COSTURA Y LABORES

CALCETA, GANCHILLO, PUNTO CRUZ,
BORDADO, VAINICA, ENCAJE DE BOLILLOS
AMIGURUMIS • FIELTRO • PATCHWORK

TAPICERÍA

ARTE FLORAL

**TALLERES ESPECIALES DE PINTURA Y
MANUALIDADES PARA NIÑ@S DE TODAS LAS EDADES**
CURSOS INTENSIVOS EN FIN DE SEMANA

NUEVA DIRECCIÓN

REPÚBLICA ARGENTINA 42 - BAJO

MÁS INFORMACIÓN

móvil / whatsapp 678 64 10 92 | 881 81 90 80

WWW.ELTALLERDEMARUSANA.COM



Dios Ke Te Crew celebra os seus Tremendos Anos 20

Foto de Iago Vilarinho

Dios Ke Te Crew, unha das bandas máis emblemáticas do hip hop galego, celebrará o vindeiro día 2 de decembro os seus vinte anos sobre os escenarios. Cos de Ordes na súa terceira década de carreira, podemos dicir sen medo a trabucarnos que ao longo da súa traxectoria insulflaron no seu rap multitude estilos de todo de todo tipo, incluíndo, por su posto, o rock que se escoita nas bases de moitos dos seus temas máis míticos. Unha ocasión así merece unha festa por todo o alto, e esta terá lugar o sábado 2 de decembro: Compostela acollerá, entre as 19:30 e as 5:00, unha xornada maratoniana de concertos e actuacións nas que DKTC estará acompañada de varios artistas destacados da escena musical galega, como High Paw, DJ Mil, Rebeliom do Inframundo ou Los Rastreadores, o dúo formado por Ortiga e Grande Amore, entre outros moitos nomes.

As entradas para a cita, que terá lugar nas salas Capitol e Malatesta da capital galega, están dispoñibles tanto na web da banda www.diosketecrew.org como na plataforma de venda de entradas www.enterticket.es. Os 400 abonos que se puxeron á venda ficaron esgotados nuns poucos días, pero aínda se poden adquirir, de seguro por pouco tempo, as últimas entradas para o concerto principal na Capitol, que incluírán ao igual que o abono un fanzine en A5 moi especial. Nel poderemos atopar os códigos QR para escoitar 20 remixes de cancións destacadas do grupo a cargo de 20 produtores (entre eles varios dos que colaboran ou participan na festa de aniversario xunto ao grupo), e máis de 20 ilustracións a cargo de 20 artistas gráficos, unha por canción. “Un traballo portentoso que combina artes gráficas e musicais para festexar unha efeméride especial”, sinalan dende o grupo.

Esta festa supón todo un fito nunha xira de aniversario que xa co-

mezou o pasado marzo, na viguesa sala Master xunto a High Paw e Saibran Yi Yi (Cibrán de Boyanka Kostova) e no coruñés Playa Club xunto a Boyanka Kostova ao completo. Xa nestes primeiros concertos o grupo presentou a súa nova proposta de posta en escena audiovisual, con imaxes creadas polo artista A.L. Crego, “de renome internacional e precursor do Gif Art”. As súas pezas, que tamén veremos en acción na gran festa en Compostela, “arroupan e interactúan co contido das cancións de DKTC, aumentando de maneira exponencial ás xa de por si enérxicas actuacións que caracterizan á banda”.

A festa de aniversario será, en palabras da propia formación, unha ocasión “única” e “irrepetible” que, como “exclusiva cerimonia litúrxica”, celebrará dúas décadas de vida a través dun “abraiante akelarre musical de amizade”. Así, artistas como Malandrómeda, Grande Amore, Boyanka Kostova, Leo i Arremecághona, Santino, Vituco Neira de Ruxe-Ruxe e Guillermo Ignacio de Quemallou subirán ao escenario da Capitol con DKTC na noite do 2 de decembro, en calidade de colaboradores.

Nesta lista de nomes podemos atopar a grandes expoñentes da música galega en multitude de estilos, dende o punk rock ata a música tradicional pasando pola música electrónica ou a canción de autor. E moitos deles xa teñen realizado ata gravacións de estudio xunto ao grupo. Entre as máis destacadas destas están precisamente as dúas colaboracións con Boyanka Kostova, “OG” e a súa continuación “Ázido Úriko”, que contan con videoclips entrelazados e que supuxeron unha unión histórica ao xuntar a uns iconos do rap galego das últimas décadas como son os ordenses e a uns expoñentes de trap, un subestilo relativamente novo, como son os composteláns. Dous xeitos de facer hip hop, un máis clásico

e outro máis actual, que moitas veces se busca presentar como antagónicos, pero que, como demostran os galegos, poden entenderse perfectamente.

Como xa dixemos, esta celebración non ficará só no concerto na Capitol, que alén de DKTC e colaboradores contará con High Paw, DJ Mil, e máis Hermano L, membro do mítico grupo de hip hop mallorquín La Puta Opepé; o evento ampliará o seu espazo e chegará a outra sala máis, “porque unha soa sabía a pouco”, sinalan dende o grupo. Así, entre as 19:30 e as 00:00, a actividade desenvolverase na Sala Capitol, mentres que entre as 00:30 e as 5:00, a festa terá lugar na Malatesta co concerto de Los Rastreadores e os “showcases” de Rebeliom do Inframundo, Saibran Yi Yi, Ra Velenosa e Rico Suárez.



Como colofón, haberá unha serie de pinchadas de DJs, a cargo Padre Murdock (membro de DKTC), Croma e Chicho Selector (o home detrás de Ortiga e a outra metade de Boyanka). E isto non será todo, pois dende a organización xa nos avisan de que haberá “moitas sorpresas adicionais”.

O público poderá adquirir, na web oficial da banda www.diosketecrew.org e en www.enterticket.es, a entrada que dá acceso unicamente á

Capitol por 20€. O abono para a festa completa só custaba 5€ máis, polo que non sorprende que estea esgotado. Xa dende un primeiro momento o grupo avisou de que, por motivos de aforo da Sala Malatesta, que ademais viviu recentemente un susto cun pequeno incendio no concerto de aniversario de Planco Xestión Cultural e que está a ser reacondicionada para que todo estea en orde en vindeiros eventos, habería un cupo moi limitado de abonos dispoñibles ao que só poderían acceder as primeiras compradoras. E xa nas redes do grupo foron en todo momento avisando do ben que ía a venda de entradas, así que quen avisa non é traidor...

Dende a súa formación en 2003, Dios Ke Te Crew é historia do rap galego e en galego. A banda conformada por Mou, Sokram, Jamas e Dj Murdock destaca “polo seu enxeño, habilidade narrativa e humor próximo á actualidade”, como sinalan dende a súa axencia de comunicación The Office. Logo da publicación de tres discos de longa duración, diversos EP, e de percorrer centos de escenarios, DKTC publicou no 2022 o seu ata agora último traballo En que ano estamos?, un EP con cinco temas nos que os seus membros “demostran por que é considerada como a banda máis mítica do hip hop do país”. Entre os novos temas, acompañados por videoclips do seu director habitual Xaime Miranda, destaca a inclusión da xa mencionada colaboración con Boyanka Kostova “OG” (siglas de Orixinal Galego), definida como “un dos himnos máis salientables dos últimos tempos”.

A andaina da banda comezou cando a organización do Festigal, o festi que aínda hoxe se celebra en Compostela cada véspera do Día da Patria, contactou co grupo de rap Ghamberros, que convidou pola súa banda á parte en activo da agrupación 5 Talegos. As dúas formacións proce-

0 o 2 de decembro en Compostela

dentes de Ordes presentáronse xa nesa ocasión como Dios Ke Te Crew. Ademais dos catro membros xa mencionados, facía entón parte do grupo e ata o ano 2016 o rapeiro Serxio Regos, García MC, que actualmente xira con García MC & Nación Quilombo e que formou parte tamén de Labregos do Tempo dos Sputniks xunto co Leo i Arremecághona. Na parte non musical uníronse, aínda que de xeito efémero, os grafiteros Vandals Crew e Cousas Novas, e os breakers de Compostela Playmovil Kids, que posteriormente deixarían de facer parte da crew.

A primeira gravación oficial de Dios Ke Te Crew, despois dos traballos das súas formacións precursoras, foi o tema “Herdeiros da ditadura”, que serviu como banda sonora da curta O Derradeiro. Esta foi un dos capítulos incluídos na película colectiva Hai que botalos, unha recompilación de curtametraxes posta en circulación con motivo das eleccións ao Parlamento

de Galicia de 2005. Neste filme, 24 directores aportaron as súas pezas coa fin facer ver as razóns polas que o daquela presidente da Xunta, Manuel Fraga, non debía impoñerse de novos comicios, como así sucedeu.

En 2006 lanzaron o seu primeiro traballo de estudio completo, un LP titulado Xénese e formado por 16 temas. Foi gravado no propio estudio do grupo, Rapapoulo, e editado polo seu propio selo, DKTC Sons, xunto á editora galega Falcatrada. Distribuído por Discmendi en España, foi un dos primeiros traballos de rap realizados enteiramente en galego. O disco amosa influencias do jazz, o rock, o reggae, o hardcore e o funk, plasmando así unha diversidade que acompañaría ao grupo ao longo de toda a súa traxectoria. Contou coa colaboración do actor Miguel de Lira, interpretando ao personaxe do Cabo Amereiro, un garda civil que interrompe unha festa do grupo. No deseño do CD, que chegou vender miles de co-

pias (algunhas fontes indican que ata 7000), incluíronse ilustracións e graffitis de membros do colectivo. Nas súas actuacións por todo o Estado compartiron escenario con artistas coma Saian Supa Crew, The Beanuts, Dealema, Foreign Beggars, Ojos de Brujo, La Mala Rodríguez, SFDK, Violadores del Verso, Sólo los Solo ou La Excepción. A súa música foi de novo incluída nunha curtametraxe, neste caso Mártires, de Xosé Zapata.

En 2011 saíu á luz o seu segundo traballo, Humanose, con 13 novos temas e editado esta vez pola discográfica por excelencia do rap estatal Boa Music. En 2013, coincidindo co décimo aniversario do grupo, sacaron o sinxelo “Dez”, con dous novos temas, e comezaron unha nova xira por todo o Estado. E en decembro de 2018, tras unha tempada na que os membros do grupo traballaron noutros proxectos á marxe da banda e despois da saída de García

MC en 2016, publicaron o videoclip de “Silencio”, un dos temas do que sería o seu novo disco.

En marzo de 2019 viu a luz un novo adianto, o videoclip de “Melancolía”, dirixido por Xaime Miranda e inspirado no filme de 2011 Melancholia, de Lars von Trier. E en maio de 2019 publicouse o disco completo, de título O ciclo da serpe, sendo este o terceiro e ata agora último álbum de longa duración do grupo. O disco contou coas colaboracións de Alto Asalto, Hermano L, Croma, Homes Sen Medo, Santonio, Javi Pardiñas de Bush Doctors, Inés Miranda e Miguel de Lira, que retomou a personaxe do Cabo Amereiro. Agardemos que, con ocasión dunha efeméride tan especial como é a dun 20 aniversario, o grupo estea xa a preparar un novo traballo completo. Ou, polo menos, algunha gravación desta vindeira noite do 2 de decembro, que promete ficar para a lembranza.



Os pontevedreses Brutal anuncian un novo traballo titulado 22820



A banda pontevedresa Brutal, que mestura estilos como o hardcore ou o metal alternativo, anuncia o lanzamento do que será o seu novo traballo, editado de xeito independente e que levará por título 22820. A data de saída do álbum nas plataformas dixitais non chegará ata marzo de 2024, mentres que en formato físico estará dispoñible a partir do 25 de novembro, data do concerto de presentación do mesmo no Tronco Bar de Pontemuiños, Pontevedra. Ademais de neste concerto que darán xunto aos tamén galegos Anecoid, con entrada por billeteira inversa, tamén se poderá adquirir o

disco na súa páxina web www.brutaloficial.com e a través do seu enderezo de correo electrónico oficialbrutal@gmail.com

A banda xorde en 2013, das cinzas da xa mítica banda pontevedresa Brutal Distracion. Esta agrupación mesturaba hardcore e thrash/groove metal na época de apoxeo destes estilos na nosa terra, compartindo son con outros grandes expoñentes patrios do crossover como Mala Oxtia, Mol, Desvirgheitors, Túzaros, Zënzar, Prap's ou The Feixons. Durante os anos noventa, Brutal Distracion chegou ter unha importante proxección dentro do que era habitual en Gali-

cia, compartindo escenario en varias ocasións con bandas como Soziedad Alkoholika ou Beer Mosh. O grupo editou no seu momento a cinta Graves Consecuencias (1993) e o CD 7 Sueños (1998), e fixo varias xiras estatais, tocando en festivais de Madrid ou de Euskadi.

Co tempo, Brutal Distracion cesaría a súa actividade, pero dous dos seus membros, o guitarrista Javier Gallardo e o baixista Juan Jose Díez "Lute", reformarían a banda en 2013, esta vez xa como Brutal a secas (poñendo fin á mestizaxe de idiomas do anterior nome). Sumaríanse a eles o batería José Antúnez, o voca-

lista Adrián Martínez e o guitarrista Adrián Costal. Coa entrada no baixo de Aitor Martínez, gravan en 2014 o EP Amnesia con Zoilo Santiago de Unreal Overflows, que dende entón sería o encargado de producir, gravar, mesturar e masterizar os seus traballos. Este EP incluíría catro temas novos e máis o vello tema de Brutal Distracion "Crisis" nunha versión renovada. Javier Gallardo pasaría logo ao baixo, coa entrada do guitarrista Isidro Otero, dando lugar así á formación que lanzaría o álbum Grita Más Fuerte en 2019. O disco, de 8 temas, contou con 4 videoclip e coa colaboración con Zoilo e Che-

ncian o seu próximo álbum,

cho de Malkeda “Es por ti”. Co álbum baixo o brazo, o grupo embarcaríase nunha extensa xira estatal, que sería interrompida pola pandemia en 2020.

Gallardo e Costal abandonarían a formación, collendo Charly e Jose o testemuño no baixo e na guitarra respectivamente. Aínda que xa non fica nela ningún membro en común con Brutal Distracion, a banda seguiría e segue reivindicando e honrando o legado destes pioneiros do metal pontevedrés coa súa música. Tomaba así forma definitiva a aliñación actual da banda, con Adrián na voz, Jose e Isidro nas guitarras, Charly no baixo e Jose na batería. Brutal entraría de novo nos Unreal Studios de Zoilo, en Marín, para comezar traballar en 22820. A banda sufriu varios contratemplos que lle impediron cumprir coa data de saída a principios de 2023 que se propuxeran, pero agora si que o disco está por fin listo para saír e para ser presentado ao vivo.

Esta vez, conxuntamente con Zoilo, estivo tamén detrás da mesa de mandos o seu socio Diego Bea Besada, dos estudos BeaBesada de Gondomar e tamén membro de Unreal Overflows. Este encargouse da masterización dos 10 temas do álbum. En palabras da banda, nestas novas cancións dan “renda solta á súa creatividade, engadindo novas sonoridades e instrumentos nunca antes empregados, sen poñer ningún tipo de límites”. Como se pode apreciar nos títulos das cancións, xa desvelados polo grupo, 22820 continuará no apartado lírico a liña de letras políticas e reivindicativas pero tamén persoais que vén caracterizando ao grupo dende o comezo da súa traxectoria (“Ningún poder”, “Única verdade”, “Plan de salvación”, “Novo comezo”...).



Como principal novidade cabe destacar que a banda gravou dúas versións do traballo, que serán editadas en CD e LP conxuntamente como álbum dobre con 20 pistas en total. O primeiro disco conterá a versión en castelán, e o segundo disco a versión en galego, idioma que empregan por primeira vez na súa música. Sobre o enigmático título do disco, a banda ten afirmado que 22820 “non é só un número, é moi importante para nós e ten un fondo significado”.

Ao longo dos 10 temas que por duplicado forman 22820, Brutal pon todas as súas cartas sobre a mesa. Mentres que o son de Brutal Distracion estaba primordialmente influído por agrupacións de metal e hardcore clásicas como Suicidal Tendencies ou Biohazard, o renace-

mento da banda supuxo a incorporación de influencias provintes de bandas de metalcore e deathcore como Suicide Silence, Killswitch Engage, August Burns Red ou While She Sleeps. Varias destas referencias xa se poden percibir mesmamente no primeiro dobre adianto do disco, “Sangue”/”Sangre”, lanzado o pasado día 1 de outubro.

Tanto a versión galega do tema como a española contan cun moi similar pero distinto videoclip. E é que cada unha das 20 pistas que formarán 22820, correspondentes aos 10 temas tanto en galego como en castelán, contarán cun vídeo musical dalgún tipo, convertíndoo en todo un álbum visual. Isto xa se pode ver na canle de Youtube do grupo, onde os vídeos xa están subidos, pero

aínda non visibles para o público. Irán saíndo por parellas en diferentes datas de aquí a marzo do ano que vén, cando, lembremos, o disco sairá na súa totalidade nas plataformas dixitais. Os primeiros vídeos en saír, despois dos de “Sangue” e “Sangre”, son os de ambas versións de “Desterrado”, o martes 10 de outubro. O 9 de novembro será a quenda de “Plan de salvación”, de novo en ambos idiomas, e o 30 de novembro, despois da presentación ao vivo no Tronco Bar, tocaralle a “Novo comezo”/”Nuevo comienzo”. En decembro sairán “Nada en min”/”Nada en mi” e “Ningún poder”, e os 4 temas restantes verán a luz xa no ano 2024 en datas previas ao lanzamento completo do disco. Ficamos atentos e atentas!!



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímo-lo cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímo-la mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com